







Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

A INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL CON PERSOAS PRIVADAS DE LIBERDADE




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO





100 horas



Do 1 de setembro ao 22 de
decembro
Sesión en liña **xoves 5 de
novembro**



Teleformación



RESUMO DO CURSO

A labor de APES céntrase na prevención social de comportamentos de risco dende os ámbitos educativo, laboral e penal, destacando a súa traxectoria dende 2008 en centros penitenciarios como referente na intervención con persoas penadas.


A súa experiencia demostra que a reincidencia delitiva e os atrancos para a reinserción derivan principalmente da falta de emprego, as dificultades na xestión emocional, a ausencia de hábitos positivos e, de forma central, as carencias en competencias sociais e transversais.

A entrada en prisión implica unha ruptura coa realidade social e a adaptación a un sistema institucionalizado que merma a autonomía personal e xera estigmas que posicionan a estas persoas en desvantaxe fronte a outros colectivos vulnerables, sumado a comportamentos inadaptados asociados a conflitos, toxicomanías ou capacidades volitivas alteradas.

Para acadar unha integración efectiva resulta imprescindible a guía de profesionais de diversos ámbitos e a aplicación do principio reeducativo contemplado no artigo 25 da Constitución Española, o cal promove programas de tratamento coordinados entre os equipos das institucións penitenciarias e entidades externas para favorecer a evolución positiva da persoa e facilitar unha saída escalonada e progresiva mediante o sistema de graos, orientando APES a súa formación dende unha perspectiva socioeducativa que impulse este proceso de cambio.


OBXECTIVOS

- **Achegar** ao alumnado os coñecementos necesarios sobre o medio penitenciario introducíndonos na tarefa reeducativa dirixida a persoas privadas de liberdade.
- **Facilitar** a comprensión das consecuencias da vida en prisión, dos factores que inciden ao longo do cumprimento de condena e as estratexias e accións que deben formar parte do engranaxe que sustenta o proceso de reinserción sociolaboral.
- **Abordar** a perspectiva de xénero no contexto penitenciario: a realidade das mulleres reclusas nos diferentes ámbitos do sistema penitenciario e as súas características.
- **Dar** a coñecer o fenómeno de delincuencia, analizando os factores de risco e protección fronte o mesmo.
- **Aportar** técnicas e ferramentas para a intervención e o acompañamento para a reincorporación á vida en liberdade das persoas reclusas.
- **Ofrecer** información sobre a práctica do traballo social con persoas, grupos e comunidades, así como as bases teóricas e metodolóxicas para unha correcta intervención.
- **Achegar** ao alumnado á figura do traballador/a social no ámbito penitenciario, así como o papel das entidades sociais na intervención con persoas reclusas e ex reclusas.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1: O ámbito penitenciario:

- Contextualización.
- Marco legal. Dereitos e deberes das persoas internas.
- Reximes de vida.
- Módulos de respecto.
- Equipos de tratamento penitenciario.
- Programas de intervención social e tratamentos específicos.
- Test e caso práctico.

MÓDULO 2: A persoa reclusa:

- Teorías sobre a delincuencia.
- Perfil do colectivo.
- Tipoloxías delictivas.
- Consecuencias da privación de liberdade.
- Factores de risco e protección no proceso de reinserción social.
- Test e caso práctico.

MÓDULO 3: A muller reclusa:

- Xénero e delincuencia.
- A desigualdade nos centros penitenciarios.
- A perspectiva de xénero no contexto penitenciario.
- Perfil de mulleres que cumpren condeas no sistema penitenciario español.
- Programas de intervención para mulleres reclusas.
- Intervención con mulleres en medio pechado, aberto e semiaberto.
- Test e caso práctico.

MÓDULO 4: Reinserción sociolaboral de persoas privadas de liberdade:

- Concepto de inserción, reinserción social e sociolaboral.
- Dificultades de acceso ao mercado laboral.
- Metodoloxía de intervención.
- Acompañamento no proceso de reinserción.
- O adiestramento das competencias transversais.
- Test e caso práctico.

*Este módulo incluíra unha sesión online/virtual: “Boas prácticas na intervención con persoas privadas de liberdade”

MÓDULO 5: Deseño e elaboración de itinerarios persoalizados de inserción (IPIs):

- Concepto de IPI.
- Obxectivos e funcións dun IPI.
- Fases dun IPI.
- Entrevista diagnóstico e entrevista motivacional.
- O/a traballador/traballadora social no ámbito da orientación laboral.
- Test e caso práctico.

MÓDULO 6: Traballo social Penitenciario:

- Contextualización e referentes.
- Metodoloxía de intervención. Instrumentos e técnicas.
- A intervención do traballador/a social nos diferentes reximes de vida.
- A importancia do Terceiro Sector na reinserción social.
- O Consello Social Penitenciario e os Consellos Sociais Penitenciarios Locais.
- Os recursos comunitarios como apoio á reinserción social.
- Test e caso práctico.

TEST E CASO PRÁCTICO FINAIS

PERSOAS DESTINATARIAS


Preferentemente traballadoras/es sociais colexiadas no COTSG e alumnado do último curso do grao. Tamén poderán acceder profesionais de outros Colexios oficiais ou de outras profesións relacionadas co ámbito do social.



CALENDARIO

Inicio do curso 1 de setembro de 2026
Fin do curso o 22 de decembro de 2026

O formato deste curso é en teleformación cunha sesión online
o **xoves 5 de novembro**.



METODOLOXÍA



Prantéxase unha **formación de 100 horas**, de forma que cada módulo implique unha adicación de 16 horas, entre teoría e práctica.

Unha vez o alumnado interiorice os contidos, poderá realizar un breve **exercicio práctico e unha proba tipo test de 10 preguntas** sobre os contidos de cada módulo. **Ao remate** do módulo 6, deberá **pasar un exame final con 30 preguntas tipo test** así como un caso práctico (voluntario).

Entre o material que poderá atopar na plataforma Moodle, adxuntarase un documento chamado “Guía do alumnado” onde constará o horario de tutorías telefónicas, así como un correo electrónico onde poderá enviar as súas consultas ou dúbidas.

A metodoloxía consiste en avanzar ao longo do itinerario de aprendizaxe online, cos seus temas e actividades correspondentes. Para a súa avaliación, o alumnado deberá completar tódolos apartados e actividades da acción formativa.

Para un bo desenvolvemento da formación, utilizaranse dinámicas que favorezan a aprendizaxe dende a participación activa, aínda que determinados puntos temáticos se presenten como unha descrición máis expositiva.

Para que a perspectiva do alumnado ante a acción formativa sexa o máis positiva posible, no noso Plan de acción tutorial contemplamos una serie de estratexias de motivación, que servirán tamén ás docentes de guía para o correcto desenvolvemento de intervencións en caso de necesidade.

Utilizaranse diferentes vías ofrecidas polas docentes ou pola propia plataforma Moodle do COTSG:

AVALIACIÓN



Para evaluar a formación teremos en conta diferentes aspectos do alumnado:

- Evolución nos temarios e probas vinculadas a cada módulo.
- Papel activo e participativo.
- Desenvolvemento da capacidade analítica e reflexiva.
- Aproximación aos contidos a través de modelos cercanos á realidade profesional.
- Interaccións entre alumno/a e titor/a.

Instrumentos de avaliación:

- **Foro:** para facilitar ao alumnado a expresión das súas motivacións e expectativas ao comezo do curso e como instrumento complementario á avaliación a través da apertura de debates.
- **Actividades de Avaliación Modular:** Actividades insertadas nos contidos multimedia, tódolos módulos finalizan cun breve caso práctico e un cuestionario tipo test. O obxectivo das mesmas é avaliar a adquisición de coñecementos na evolución da formación. Ao correxilos, ofrecerán feedback sobre a puntuación obtida e os erros cometidos.

Avaliación final: Consiste nunha proba tipo test de 30 preguntas sobre os contidos xerais da formación. O titor/a asignará unha puntuación en función dos criterios de avaliación previamente definidos.



ALBA

Traballadora social de APES Asociación

- **Formación** en intervención no eido penitenciario a través da UNED no ano 2017.
- **Voluntaria** en CUPIF no CIS Victoria Kent (Madrid) no ano 2014 e a partir de 2017 ata a actualidade técnica de emprego en APES (Ourense). Voluntariado en CUPIF, no CIS Victoria Kent (Madrid): monitorea deseñando e implementando sesións grupais en “Aire”, programa semanal de seguimento, de carácter preventivo e reeducativo, para penados por delitos violentos en permiso de saída, terceiro grado de clasificación, liberdade condicional e art. 100.2 do reglamento penitenciario.
- **Experiencia profesional** en APES Asociación e no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense): Experiencia en deseño, implementación e xustificación de proxectos no ámbito penitenciario. Programa Reincorpora (Itinerarios Personalizados de Integración Sociolaboral), Programa Punto de partida (Itinerarios de acompañamento social para persoas privadas de liberdade), programas de preparación para a vida en liberdade.

MORETÓN






Educadora social de APES Asociación

- **Formación** en intervención no eido penitenciario a través da UNED nos anos 2016 e 2017.
- **Experiencia** profesional en APES Asociación dende o 2012 hasta a actualidade intervindo en 6 dos 7 establecementos penitenciarios da comunidade autónoma Galega, principalmente no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense) en : deseño, implementación e xustificación de proxectos no ámbito penitenciario. Programa Reincorpora (Itinerarios Personalizados de Integración Sociolaboral), Programa Punto de partida (Itinerarios de acompañamento social para persoas privadas de liberdade) programas de preparación para a vida en liberdade e programas de voluntariado para persoas reclusas.
- **Medalla** ao Mérito Social Penitenciario outorgada por a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (2022)

SUÁREZ





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

